

Seguridade vial en Covas

O que comezou como un agradable paseo, de súpeto, deixou paso ás escenas da franxa de Gaza ou Afganistán que vemos cada día nos telexornais. Non o dubidei nin un instante, collín a miña filla da man, achegueina canto puiden e dispúxenme a saír daquel inferno. Pasei sorteando grandes furados, coches aparcados por riba das aceiras, merdas de can, edificios medio derruídos, negocios pechados e, cando por fin chego de volta ao coche sen ter que lamentar baixas, móntame un lío Pachara porque alí non se podía aparcar. O outro día paseando polas rúas da cidade de Ferrol, candidata a Patrimonio da Humanidade, conseguín comprender os criterios que se seguen dende a ilustrísima concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, Tráfico, Transporte Público, Recursos Humanos e Organización Interna para

conseguir unha circulación fluída ao tempo que se garante a seguridade dos peóns e outros usuarios das vías; e non só comprendín iso, tamén adquiriu sentido que, a pesar da infinidade de peticións realizadas durante o último ano e medio para que se tomen medidas na estrada de Covas e accesos ás praias, non se fixera nada. Solicitouse, a saber: Colocación de semáforos nos pasos de peóns.- A resposta foi que non se podía pero, cando se fixo a consulta na Deputación, dixeron que non había ningún problema se o Concello o solicita. Instalación de bandas rugosas.- Na concellería foi moi ben recibida esta proposta, lamentablemente, non teñen ningunha dispoñible. Establecer direccións únicas durante o verán nos camiños de acceso ás praias.- Tamén lles pareceu ben. Colocáronse en Santa Comba dous sinais que

indican "centro cidade". Esperamos que quede algún sinal enteiro de dirección obrigatoria e dirección prohibida, na zona de conflito, que se poida reutilizar. Presenza da Policía Local nos cruces dos principais camiños coa estrada de Covas durante os meses de verán nas horas de entrada e saída das praias.- A proposta é moi boa e poñerase en marcha cando teñan efectivos dispoñibles. Unha vez exposta a situación, recomendamos aos veciños, veciñas e outros usuarios da estrada e camiños de Covas que teñan sentidiño; que respecten os sinais existentes; que miren ben antes de cruzar, aínda que estean nun paso de ceбра; que eviten utilizar os vehículos en horas punta durante o verán; que non se deixen atropelar onde non hai beirarrúas e, o máis importante, "buen rollito". (O teléfono de emerxencias é o 112 e pódese chamar aínda que non teñas saldo no móbil).

Reunión co grupo de goberno do Concello de Ferrol

O día 6 de marzo de 2009 tivemos a presenza no Local Social do alcalde Vicente Irisarri Castro e os concelleiros Ramón Veloso, Gerardo López e Manuel Santiago, así como unha técnica de Participación Cidadá. Esta xuntanza aproveítase para achegarllas, as peticións e as demandas recollidas nesta AVV, e presentarllas os proxectos culturais e turísticos que se están a levar a cabo. En canto ás demandas e proxectos presentados ao Concello ao longo dos anos 2007 e 2008 presentamos un informe onde se recolle o estado no que se atopan, pois no seu conxunto foi satisfeito arredor dun 15%. Con respecto ás demandas do ano 2009 a solución delas é aínda máis negativa, pois o avance é do 0%. Todas estas demandas recollidas nos informes (a disposición dos socios no local social) foron recibidas polos representantes do Concello, aínda que non foron

suficientemente contrastadas tanto pola gran cantidade delas, como polo pouco tempo para debatelas unha por unha: mellora do firme dos camiños, limpeza de estradas e cunetas, canalización de augas, desbroces, tendido de liñas telefónicas, construción de beirarrúas, aparcadoiros nas praias, regulamento de tráfico, alumbeo público, etc. Mención aparte merece o estado do local social. É necesario, dunha vez por todas, a reparación de todos os arranxos pendentes, algúns bastante graves e, por riba de todo, esixir responsabilidades a quen corresponda. Lembrar que nunha reunión mantida o día 5 de xuño do ano 2008 no Concello de Ferrol co Alcalde e os concelleiros Manuel Santiago e Beatriz Sestayo xa houbera un compromiso para analizar a situación do local social e buscar solucións. Con relación ao exposto anteriormente, só nos queda

agardar de novo que os nosos representantes no Concello recollan o testemuño que lles damos e sexan capaces de valorar a confianza depositada neles. En canto á promoción cultural e turística temos que dicir que a resposta por parte da Concellería de Turismo foi satisfactoria. Con respecto á cesión da escola acadamos o compromiso de presentalo na comisión e levalo a pleno neste mes de marzo, quedando pendente de solucionar os arranxos necesarios para a súa posta en funcionamento. Sobre o antigo ximnasio do grupo escolar acordouse a subvención para convertelo en albergue a disposición do camiño a Teixido. Acadouse tamén compromiso de axuda para acudir ao salón Equiocio para facer a presentación do "Camiño a Teixido", proxecto cultural englobado no Proxecto de Dinamización Turística de Covas. Por último, mencionar que temos o compromiso, por segundo ano, de colaboración do Padroado de Deportes no II Galeoch`09.

+covas
sumando esfuerzos

Noticieiro Veciñanza

Número 2 Marzo 2009



NECESIDADES VECIÑAIS

Presentadas no rexistro do Concello as demandas recollidas durante o mes de Febreiro



EQUIOCIO 2009

A Avv estará presente no XII Salón do Cabalo con un stand turístico promocionando o Camiño de Teixido

A oleada de roubos e actos vandálicos dos últimos meses causa alarma entre os veciños de Covas

Desde fai tempo vense detectando un incremento de problemas de orde pública na nosa parroquia como roubos, actos vandálicos, estragos, etc. Problemas que están a causar certa alarma entre os veciños, que se senten indefensos, especialmente aqueles próximos aos lugares onde se producen os feitos: os roubos na zona de Beceiro, o Viana e mesmo o Local Social, que xa foi asaltado en 4 ocasións; as pelexas organizadas de cans no Prioiro; os "trapicheos" de droga; así como tamén as desfeitas no mobiliario urbano e nas instalacións do grupo escolar e antigo ximnasio. Veciños que, nalgúns casos, nin se atreven a denunciar por temor a represalias.



posiblemente non descoñecida, igual que as pelexas de cans e outros incidentes; feitos corroborados por varios veciños que queren permanecer no anonimato por temor. Desde o Concello de Ferrol, coa colaboración da policía local, estase a pór en marcha un plan de vixilancia e control das zonas afectadas para tratar de paliar, na medida do posible, os efectos destes actos. Plan que pode resultar positivo, pois a pasividade das autoridades ata agora, en certo modo, anima estas actitudes.



INCIVISMO, VANDALISMO OU DELINCUENCIA > Con respecto ao grupo escolar e ao antigo ximnasio, incluídos nun proxecto cultural e turístico, os problemas agudízanse, pois foron "tomados ao asalto" e, a pesares de que o Concello cambiou as pechaduras, continúan estando no punto de mira dos ¿incívicos?, ¿vándalos?, ¿delinquentes? que campan ás súas anchas. Actos que parecen ser obra de xente nova e

tempos. Mozos que, polo noso ritmo de vida actual estresante, a miúdo esquecemos nunha etapa non demasiado fácil para eles, onde a atención, sobre todo no eido familiar, é vital para o seu desenvolvemento emocional. Mozos sen máis aliciente que buscar os límites. As políticas policiais poden ser en certo grao positivas, pero nunca poden ser represoras.



A FAMILIA NO PUNTO DE MIRA > A intervención e colaboración de todos os organismos competentes (concello, familia, seguridade e todo o tecido asociativo) ten que ser primordial á hora de establecer un plan cívico que teña como obxectivo principal o cambio nos hábitos dos veciños e un maior respecto ao individuo e ao entorno, incidindo de forma directa nos mozos, pois a mocidade é un grupo especialmente sensible. Un plan cívico que ten que ter unha base fundamental no entorno familiar, que é o punto de partida de calquera individuo. En calquera caso, una chamada de atención a toda a sociedade, que somos nos mesmos, para mirarnos o embigo, e que o futuro e mesmo o presente sexa unha realidade de convivencia, comprensión e respecto.



Demandas presentadas ao Concello no mes de Marzo



A Avv entregou no rexistro municipal as seguintes demandas presentadas polos veciños, necesidades da asociación e proxectos para Covas recollidas durante o mes de Febreiro:

Mellora do firme do camiño que cruza dende a zona da mina ata o cemiterio.

O firme atópase en moi mal estado, polo que se fai necesaria unha intervención urxente. Sería desexable asfaltalo de novo na súa totalidade.

Limpeza da estrada de Covarradeiras na zona da mina.

Debido á caída de follas dos piñeiros na zona da mina e da acumulación de áridos que baixan polo camiño da parcelaria, urxe a limpeza da zona por constituír un risco para vehículos e peóns.

O problema dos piñeiros foi comunicado en varias ocasións

descoñecendo o estado actual das xestións realizadas.

Mellora do firme no camiño que cruza dende a estrada que baixa ás praias de Ponzos e Santa Comba ata Soagraña.

O firme atópase en moi mal estado, polo que se fai necesaria unha intervención urxente. Sería desexable asfaltalo de novo na súa totalidade.

Colocación de tapas nos rexistros do aparcadoiro exterior do colexio

Faltan as dúas tapas nos rexistros que están á beira do camiño. Resulta perigoso para os coches que aparcan na zona e para os peóns.

Corte da herba na dianteira do local social e colocación dunha porta na toma de auga.

É necesario cortar a herba do xardín que está situado na dianteira do local social.

Non hai porta na conexión de auga, sendo habitual que pechen as chaves de paso.

Limpeza de cunetas e canalización de augas de choiva na Aldea.

A auga de choiva estáncase na cuneta e inunda os baixos da vivenda situada en fronte.

É necesaria a limpeza da zona e

darlle saída ás augas.

Reparación da marquesiña na parada do autobús en As Pozas.

Como consecuencia dos últimos temporais o tellado da marquesiña quedou moi danado, facéndose necesaria a súa reparación.

Desbroce da pista da parcelaria sinalada en vermello na zona de As Pozas.

Existe unha pista sen saída, na zona de "As Pozas", que dá servizo a varias fincas, que necesita ser desbrozada urxentemente. A vexetación cubre a totalidade da cuneta tapando o muro da vivenda situado ao lado e detectouse a presenza de alimañas.

Alternativas para efectuar conexións telefónicas onde é necesaria a colocación de postes ou o cruce das estradas

Na actualidade existe un gran número de veciños que non poden ter conexión telefónica e de internet por cable porque, argumenta Telefónica, non se poden colocar postes e/ou cruzar as estradas con cables aéreos.

Necesitamos saber cales son as alternativas existentes e o proceso e documentación precisos para o seu trámite.

Pedir é máis doado que dar, esixir é máis doado que cumprir

Vivimos en Covas, un lugar privilexiado que tería que ser un motivo de orgullo para os veciños e veciñas, pero teñen que existir uns poucos que se dedican a empoucar o entorno no que viven e vivimos, depositando cantos restos atopan polas bodegas preto de contedores ou nos montes e praias; e isto constitúe un problema a medioambiental e sanitario que nos afecta a todos. Ademais non ten ningún sentido cando Urbaser (981326900) recolle de balde nos nosos domicilios os materiais non perigosos (mobiliario, electrodomésticos, etc...) e existe un punto limpo nas instalacións de Rilo Dopico (981325139), en Catabois, para que depositemos os residuos perigosos (pinturas, uralitas, etc).

Deberíamos plantexarnos se, ademais de esixir de cotío aos organismos oficiais, Concello, Xunta, Deputación, etc. que cumpran coas súas obrigas e compromisos cos cidadáns, non deberíamos, tamén, ser igual de esixentes con nós mesmos.



Clases de sevillanas gratuitas no Local Social

Se queres aprender a bailar sevillanas e lucirte na feira de primavera, podes vir os sábados ás 20:00h ao local social, haberá clases gratuitas de sevillanas para os socios da Avv. Ademais cada socio poderá vir acompañado dun non socio.

As prazas son limitadas, se estas interesado apúntate no local social ou no teléfono 981365763.

Recuperación do desaparecido Concello de Serantes

¿Por que na miña casa non teño servizo de sumidoiros como en Canido?, ¿por que non hai beirarrúas na estrada como na Rúa do Sol?, ¿por que non recollen o lixo todos os días como en Esteiro?, ¿por que non pasan os autobuses cada pouco como polo Callao?, ¿por que non se organizan exposicións como no Carvalho Calero?, ¿por que aquí invisten tan só trinta e catro mil euros dos fondos estatais anticrise e non trece millóns?, ¿por que no 2008 non se fixo ningunha obra onde vivo pero destináronse importantes cantidades de diñeiro a mercar dereitos adquiridos e lucros cesantes

como na Praza de España?

A resposta non pode ser máis sinxela, ¿porque vives na aldea? Os distintos gobernos que levan pasado polo Concello de Ferrol teñen, sen excepcións, querenza por todo aquilo que se atopa preto da casa consistorial, esquecendo ou ignorando as demandas que achegamos, a pesar de que nós tamén pagamos impostos e, polo tanto, estamos no noso dereito de esixir investimentos anuais axeitados ás nosas necesidades. Hoxe en día, que está tan de moda revisar as decisións tomadas durante a ditadura, e recollendo as reflexións publicadas na prensa por un

compoñente da Asociación Prioriño; tal vez sería bo valorar a posibilidade de recuperar o desaparecido Concello de Serantes para que agrupase unhas parroquias rurais, hoxe dependentes do de Ferrol, ás que se trata como se fosen colonias conquistadas na época franquista e que non poden gozar dos mesmos servizos que os barrios situados dentro das murallas.

Sen dúbida, teríamos unha administración máis próxima aos cidadáns, cunha maior capacidade para captar axudas específicas para as carencias que aínda temos na actualidade e quizais, así, viviríamos un pouquiño mellor.

"LAS CHICAS DE ORO", o autentico espírito covicheiro



Cada vez que abrimos un diario ou escoitamos as novas, nos enchen con información que non nos gustaría coñecer: atentados, crise, violencia... A pesar de todo é reconfortante saber que aínda quedan persoas que, a pesar de sumar moitos anos cheos de traballo e dificultades, cada día dannos unha lección de optimismo e apréndennos que a vida merece a pena gozala e compartila con todos os que nos rodean.

Dende aquí queremos agradecerlles que sexan así, e pedirilles que sigan acompañándonos cada día e participando dun xeito tan activo como ata o de agora.

Convocatoria de asemblea xeral ordinaria da Avv Santa Comba de Covas.

En virtude das facultades que me confire o artigo 26 dos Estatutos da AVV SANTA COMBA convoco ASEMBLEA XERAL ORDINARIA que terá lugar no local social en Aldea s/n, o día 18 de Abril de 2009, ás 19:00 horas en 1ª convocatoria, y ás 19:30 horas en 2ª convocatoria coa seguinte orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación da Acta anterior.
- 2.- Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- 3.- Examinar e aprobar os presupostos para o ano 2009.
- 4.- Rogos e preguntas.

Chamamento

Debido ás dúas baixas producidas na xunta directiva, queremos facer un chamamento aos socios para tratar de cubrir como mínimo estas vacantes e así poder afrontar todos os compromisos adquiridos con amplas garantías. Se queres formar parte activa desta Avv, ANÍMATE, ponte en contacto con NOS e preséntate na próxima Asemblea Xeral

Entradas para Equiocio 2009

Por segundo ano consecutivo a Avv montará un stand turístico, dedicado, este ano, á promoción do "Camiño de Teixido", no XII Salón do Cabalo (Equiocio) que se celebrará, no recinto feiral FIMO en Punta Arnela, entre os días 3 ao 5 e 8 ao 12 de Abril de 2009.

Poñemos á vosa disposición entradas gratuítas que podedes retirar no Local Social de Covas polas tardes ou no stand da asociación, no hall de FIMO, nos horarios de apertura do evento.

Non deixedes de visitar a exposición que recolle, a través de cinco paneis, un percorrido polos distintos lugares do camiño.

Esta iniciativa foi posible grazas á colaboración da Concellería de Turismo do Concello de Ferrol.

Axenda de Abril

DI A 12/04/2009
Feirón mensual na
esplanada da Cooperativa

DI A 18/04/2009
Asemblea Xeral da Avv no
Local Social de Covas

DI A 25/04/2009
Feria de Primavera no
Local Social de Covas